

# 4 Un mundo conectado

Colón non podía ver as noticias, as series ou as competicións deportivas de países afastados. Nin sequera podía falar desde América cos seus familiares en Europa. E, desde logo, non podía voar de volta á casa desde alí. Que inventos non coñecía que ti usas a diario?

## Como empezou a nosa época?

Hai pouco máis de dous séculos inventáronse as **fábricas** e as persoas trasladáronse do campo ás **grandes cidades** para buscar emprego.

Tamén apareceron os **medios de transporte** impulsados por máquinas, como o tren, e os **medios de comunicación** de longa distancia, como o teléfono.

En moitos países as persoas organizáronse para conseguir normas máis xustas con **dereitos e obrigas para todos**.

Con estes cambios comezou a nosa época: a **Idade Contemporánea**.

## Como vivimos na actualidade?

Hoxe en día, os móbiles, os ordenadores, os avións ou os trens rápidos facilitan aínda máis as **comunicacións** e acercan as persoas de moitas partes do mundo.

Por iso as cidades do mundo se parecen, os cidadáns teñen hábitos similares, existen dereitos internacionais...




### Observa a ilustración

- 14 Que inventos desta escena dunha cidade actual non existían antes da Idade Contemporánea? Fai unha lista no teu caderno.

### Observa e comprende Tantas persoas e tantos lugares!

No mundo hai países con costumes propios. Non obstante, o mundo conectado permite que moitos compartamos feitos da historia, costumes, modas e ata hábitos diarios coma os programas de televisión. Coñece as principais culturas!



1. Nós vivimos en **Occidente**, que está formado por toda Europa, América e Australia.

2. Algúns países de **Oriente** son A China, O Xapón ou A India. Teñen costumes e relixións moi variados.

3. Os **países musulmáns** están en Asia e no norte de África.

4. En **África** hai países moi distintos. Os costumes e as crenzas relixiosas cambian moito duns a outros.

- ▶ A **Idade Contemporánea** é a época dos **medios de transporte** e das **comunicacións**.
- ▶ Hoxe en día as persoas temos **diferentes culturas** pero vivimos moi **conectados**.


### Actividades

15 En que idade da historia vivimos?

16 Cales foron os avances máis importantes da nosa época?


17 Entrevista os teus avós. Como eran os seus teléfonos de nenos? E os seus ordenadores? Cón tao na clase!

18 Entre todos, facede unha listaxe das nacionalidades presentes na clase. A que cultura pertence cada unha?

19  sm**Celmedixital.com**  
**COMPRENDE** Observa como é a vida **noutros lugares do mundo**. Parécese á túa?

# TAREFAS

## Páxina 108 Actividade 14.



### Observa a ilustración

- 14 Que inventos desta escena dunha cidade actual non existían antes da Idade Contemporánea? Fai unha lista no teu caderno.

## Páxina 109. Actividades 15 e 16.

### Actividades

- 15 En que idade da historia vivimos?
- 16 Cales foron os avances máis importantes da nosa época?